

RESOLUCIÓN DO 21 de XANEIRO DE 2025, POLA QUE SE FINALIZA O PROCEDEMENTO PARA A ADSCRICIÓN, POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE VICESECRETARÍA XERAL DA VALEDORA DO POBO, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 3 DE OUTUBRO DE 2024

1. Antecedentes

Por Resolución da Valedora do Pobo do 3 de outubro de 2024 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, da Vicesecretaría Xeral da Valedora do Pobo.

A convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 197, de 11 de outubro de 2024, e no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 99, do 11 de outubro de 2024.

2. O procedemento de convocatoria

O procedemento administrativo que se desenvolve ten como fin valorar a experiencia profesional e formación das persoas que concorren nel para poder determinar a adecuación da traxectoria de cada un delas ao correspondente posto de traballo.

De conformidade co disposto no artigo 29.2 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a convocatoria pública para a cobertura dos postos de libre designación, debe indicarse a súa denominación, o nivel e localización do posto e os requisitos indispensables para o seu desempeño, que son os que figuran no anuncio publicado.

A Vicesecretaría Xeral da Institución da Valedora do Pobo correspondente ao grupo A1, con nivel de complemento de destino 30, tal e como figura nas bases da convocatoria.

O posto convocado ten como sistema de provisión o de libre designación, de acordo coa vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Institución da Valedora do Pobo.

A normativa básica en materia de Función Pública sinala que a libre designación con convocatoria pública consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto (art. 80.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

Trátase de postos que se caracterizan pola discrecionalidade e a confianza profesional na selección, que debe ser motivada.

A confianza que se predica nestes casos ten carácter eminentemente profesional e busca a selección do mellor perfil entre os posibles, cara á consecución da maior eficacia e eficiencia na xestión das competencias que ten atribuídas, neste caso, a Institución da Valedora do Pobo.

A selección entre as persoas solicitantes ou a preferencia dunha persoa funcionaria sobre as outras realizarase baseando a decisión nas funcións determinadas regulamentariamente e na traxectoria profesional e formación en relación coas mesmas.

3. As funcións do posto da Vicesecretaría Xeral na Institución da Valedora do Pobo

De acordo co disposto no artigo 20 bis do Regulamento de Organización e Funcionamento da Valedora do Pobo (ROFVP), aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia do 16 de xaneiro de 2018 (DOG nº 30, de 12 de febreiro de 2018), con última modificación pola mesma Comisión o 20 de setembro de 2024 (DOG nº 190, de 2 de outubro de 2024), as funcións dese posto son:

- a) A suplencia das persoas titulares da Secretaría Xeral e/ou da Coordinación Xeral, nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante, así como nos casos en que fose declarada a súa abstención ou recusación.
- b) A programación das necesidades de persoal da institución, a coordinación na elaboración da relación de postos de traballo e a xestión do persoal adscrito á institución.
- c) A organización e o control do funcionamento dos servizos administrativos do Valedor do Pobo e dos seus órganos adscritos.
- d) A secretaría da Comisión da Transparencia de Galicia e o impulso dos seus expedientes.
- e) O asesoramento e realización de estudos e informes de carácter técnico-xurídico que lle sexan encomendados pola persoa titular da institución ou da Secretaría Xeral.
- f) A xestión da información pública que se atope no portal de transparencia da institución e dos órganos adscritos, o adecuado trámite das solicitudes de información pública dirixidas ao Valedor do Pobo, así como a xestión da información á cidadanía en materia de transparencia.
- g) Exercer como vogal e secretario da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante.

h) Calquera outra función que lle atribúa o Valedor do Pobo ou os plenos dos órganos colexiados adscritos.

En congruencia con ditas funcións, para a valoración das persoas candidatas deben considerarse prioritarias a experiencia profesional no ámbito das administracións públicas, especialmente a relacionada coas funcións, e a formación para o desenvolvemento das mesmas.

En concreto, considérase que o máis relevante para a designación da persoa candidata para ocupar o posto debe ser a experiencia profesional nas administracións públicas en materias como administración xeral, persoal e transparencia, e a formación teórica recibida e impartida nas mesmas materias, é dicir, administración xeral, persoal e transparencia.

4. As solicitudes

Tal e como figura no correspondente expediente, á convocatoria presentáronse en prazo 12 solicitudes:

Nº Rexistro de Entrada	Data entrada rexistro VP	Solicitante	DNI
21305/24	16/10/2024	[REDACTED]	[REDACTED]
21306/24	16/10/2024	[REDACTED]	[REDACTED]
21349/24	17/10/2024	[REDACTED]	[REDACTED]
21386/24	17/10/2024	[REDACTED]	[REDACTED]
21586/24	23/10/2024	[REDACTED]	[REDACTED]
21677/24	24/10/2024	[REDACTED]	[REDACTED]
21895/24	30/10/2024	[REDACTED]	[REDACTED]
21902/24	31/10/2024	[REDACTED]	[REDACTED]
22293/24	31/10/2024	[REDACTED]	[REDACTED]
22370/24	5/11/2024, e-mail 4-11-24	[REDACTED]	[REDACTED]
22375/24- 22406/24	5/11/24, en orixe 4/11/24	[REDACTED]	[REDACTED]

Nº Rexistro de Entrada	Data entrada rexistro VP	Solicitante	DNI
22449/24	6/11/2024, en orixe 4/11/24	[REDACTED]	[REDACTED]

Todas as persoas solicitantes compren o requisito de ser funcionarias de carreira pertencentes ao subgrupo A1 ao servizo dalgunha administración pública (artigo 10 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo).

5. Resumo das traxectorias das persoas candidatas

Das solicitudes, os CCVV e a documentación aportada polas persoas aspirantes dedúcese o seguinte en relación coa súa traxectoria profesional e formación.

5.1.- [REDACTED]

É funcionaria de carreira, técnica de urbanismo de administración especial, subescala técnica, do Concello de Culleredo.

Como experiencia administrativa aporta: na actualidade é técnica de urbanismo de Administración especial, subescala técnica, do Concello de Culleredo; anteriormente, funcionaria interina nos Concellos de Viveiro e persoal laboral nos Concellos de Cospeito, Ribadeo e Burela, e desempeñou funcións en entidades privadas e como avogada.

É licenciada en Dereito e ten Mestrías Universitarias en Urbanismo e Estudos Territoriais, en Dereito e Administración Local, e en Avogacía.

Como formación complementaria achega numerosos cursos: técnico urbanista INAP; Curso Superior de Formación de técnico/a na administración local; Técnico Superior en prevención de riscos laborais, e outros, en especial na especialidade de urbanismo, administración local, igualdade e emprego.

5.2.- [REDACTED]

É funcionario A1 do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia e funcionario do Corpo Superior do Parlamento de Galicia.

Como experiencia administrativa aporta: xefe de unidade informática de Delegación Territorial da Xunta; posto base na Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo; xefe de sección C dun Servizo Técnico-Xurídico da Xunta; xefe de sección xurídica dun Servizo Técnico-Xurídico da Xunta; xefe dun servizo do rexistro xeral de contratistas e contratación da Xunta; subdirector xeral de menores; ao dispor da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar; xefe de sección de recursos na División de Recursos Humanos e

Desenvolvemento Profesional do SERGAS; xefe do servizo técnico-xurídico na Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia; xefe do servizo de apoio á Administración Institucional e Corporativa na Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia; subdirector xeral de programas sociais na Secretaría Xeral da Emigración; analista de xestión e calidade, Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa; subdirector xeral de Coordinación de Servizos Transversais da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia; e Vicesecretario Xeral da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia. Como funcionario do Corpo Superior do Parlamento de Galicia: director de recursos humanos e réxime interior; técnico superior de asistencia parlamentaria. E na Institución da Valedora do Pobo, xefe do servizo II, xefe de servizo de administración e persoal; e vicesecretario xeral (na actualidade, por adscrición).

Tamén aporta funcións como Patrono da Fundación Galega de Tutela de Adultos; membro do Comité Ético de Investigación Clínica; Patrono da Fundación Galicia-Emigración; Membro da Xunta Directiva da Mutua Gallega en representación da Xunta de Galicia; Delegado de protección de datos da Valedora do Pobo; letrado habilitado da Comisión da Transparencia de Galicia en procedementos Contencioso-Administrativos; secretario da Comisión de Transparencia de Galicia; vogal do Comité de Ética da Xunta de Galicia; e responsable da canle interna de denuncias na Valedora do Pobo.

É licenciado en Dereito e tamén en Ciencias Políticas e da Administración, especialidade Estudos Administración Pública.

Como formación complementaria achega: diploma de Directivo EGAP e cursos, entre outras, en materias como procedemento administrativo, xestión de persoal e recursos humanos na administración, prevención de riscos laborais, protección de datos, réxime disciplinario do empregado público, Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, administración electrónica, seguridade da información, prevención do acoso laboral, e legalidade das actas de inspección.

Tamén participou nun congreso internacional de transparencia e foi ponente no Encontro de Comunicación e Transparencia de Secretarios de Consellos Sociais de Universidades, e no curso de actuación e funcionamento da administración local por medios electrónicos para persoal do Concello de Pontevedra. Foi colaborador da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela e é profesor colaborador da EGAP.

5.3.-

É funcionario de carreira da administración local con habilitación nacional, A1.

Como experiencia administrativa aporta: é secretario-interventor no Concello de La Guardia (Toledo); con anterioridade, como funcionario de administración local con habilitación nacional interino na subescala de secretaría-intervención: secretario-interventor en Ferreira de Valadouro; agrupación de concellos de Cellorigo, Cihuri, Foncea, Sajazarra e Galbarruli (A Rioxa); como funcionario de administración local con habilitación nacional interino na subescala de secretaría de entrada: secretario do Concello do Carballiño e do Concello de Gondomar; funcionario en prácticas no INAP; bolseiro, técnico de asuntos europeos en Europe Direct (Deputación Provincial da Coruña), e no centro de estudos comunitarios na cámara de comercio, industria e navegación da Coruña.

Ten a licenciatura en dereito e mestrías de estudos da Unión Europea e de dereito comunitario do mar, e un curso de formación específica de posgrao de Cooperación Internacional ao desenvolvemento e xestión de ONGs.

Como formación complementaria aporta cursos sobre contratos administrativos, subvenciones, responsabilidade patrimonial e procedemento sancionador, fiscalización e control, persoal laboral temporal, e recursos administrativos.

5.4. [REDACTED]

É funcionaria de carreira do corpo superior de administración xeral da Xunta de Galicia, A1; e -en excedencia- pertence ao grupo II, categoría 7, titulada/o de grado medio, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Como experiencia profesional aporta: é subdirectora xeral de relacións institucionais e parlamentarias; anteriormente, xefa de servizo de desenvolvemento institucional e análise competencial da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias; xefa de área de prevención e minimización de residuos; posto base en Augas de Galicia (Servizo Técnico Xurídico); e persoal laboral da Xunta grupo 1, categoría 1, en Augas de Galicia. No ámbito privado, avogada exercente con compatibilidade.

É Licenciada en Dereito.

Como formación complementaria achega: numerosos cursos, entre eles o Superior e Medio de Linguaxe Administrativo, e o nivel Celga 5; e cursos en materias tales como fundacións de interese galego, protección de datos, prevención de riscos laborais para o persoal funcionario, réxime xurídico do sector público, procedemento administrativo, aplicacións informáticas, contratos do sector público, responsabilidade do estado por violacións do dereito da UE, potestade sancionadora, contaminación, e responsabilidade patrimonial das administracións.

5.5.- [REDACTED]

É funcionario do corpo superior de administración xeral da Xunta de Galicia, A1.

Como experiencia profesional aporta: é xefe de servizo de xestión e réxime xurídico do solo residencial no IGVS; e anteriormente, letrado asesor da Xunta de Galicia; asesor xurídico delegado na Consellería de Cultura e Comunicación Social; subdirector xeral de protección do patrimonio cultural; xefe do servizo de xogo; xefe de servizo de réxime xurídico e recursos da Dirección Xeral da Función Pública; subdirector xeral de centros na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; xefe de gabinete da alcaldía de Santiago de Compostela; e xefe do servizo de fianzas e xestión de tributos locais no IGVS.

É licenciado en Dereito.

Como formación complementaria achega: diploma de directivo da Xunta de Galicia, e numerosos cursos, entre eles sobre tramitación electrónica, procedemento administrativo e réxime xurídico das AA.PP., motivación do persoal, relacións colectivas na administración, responsabilidade patrimonial, procedemento administrativo sancionador, administración electrónica, prevención de riscos laborais, estatuto básico do emprego público, prevención de riscos laborais, transparencia activa e pasiva e acceso a información pública, igualdade de xénero e perspectiva xurídica, protección de datos, deseño e avaliación de políticas públicas con perspectivas de xénero, planificación estratéxica na xestión pública, tramitación electrónica, violencia de xénero, xestión de persoas, plan de recuperación, transformación e resiliencia, elaboración, técnica normativa e control xudicial, ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e deporte, dereitos humanos e obxectivos de desenvolvemento sostible.

É autor de numerosas publicacións en materia de patrimonio cultural.

É profesor colaborador da Academia Galega de Seguridade, da EGAP, e das Universidades Pontificia de Salamanca, da Coruña e de Santiago de Compostela.

5.6.- [REDACTED]

É funcionaria do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia, A1.

Como experiencia profesional aporta: xefa do servizo de programas sociais na Secretaría Xeral de Emigración; anteriormente, xefa de unidade de desenvolvemento rural e axudas económicas e da sección xurídica na Consellería de Agricultura; xefa do servizo de formación, cooperación

institucional e documentación da Dirección Xeral de Turismo; xefa do servizo de inspección do litoral na APLU; subdirectora xeral de protección do patrimonio cultural na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; apoio na Dirección Xeral de Educación, a disposición do conselleiro; e xefa da sección xurídica 1 do Xurado de Expropiación de Galicia.

É licenciada en Dereito e doutora.

Como formación complementaria aporta: Diploma de Directivo da Xunta de Galicia; curso de posgrado de especialización en organización e xestión de empresas culturais; curso de dereito urbanístico; e curso de posgrado “Planeamento e estratexias urbanísticas”.

Publicación do libro: “Los poderes públicos ante el reto de asegurar el acceso al patrimonio cultural inmueble” (2022).

5.7.- [REDACTED]

É funcionaria do corpo superior da administración xeral da Xunta de Galicia, A1.

Como experiencia profesional aporta: servizo de xestión de proxectos, Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro; anteriormente, posto base, Servizo de Persoal, Consellería de Traballo e Servizos Sociais; Unidade de Persoal e Réxime Interior, IGVS; servizo técnico e de planificación e control, ILGGA, actual FOGGA; sección de Xestión Económica, Dirección Xeral de Familia; servizo Técnico-Xurídico, Consellería de Economía e Facenda; servizo Galego de Defensa da Competencia (subdirección xeral); Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico e Defensa da Competencia; Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico, Consellería de Facenda; Servizo de Relacións Laborais, Dirección Xeral da Función Pública; Vicesecretaría Xeral, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

É licenciada en Dereito e licenciada en Historia.

Como formación complementaria aporta: Diploma de Directivo da Xunta de Galicia; e cursos nas seguintes materias: xestión orzamentaria, réxime xurídico das axudas, dereito da competencia e axudas de Estado, tributos da Comunidade Autónoma Galega, contratación Pública en Europa, control da legalidade da Administración, perfeccionamento de xefes de sección, superior de relacións laborais; e cursos de galego, iniciación e perfeccionamento.

5.8.- [REDACTED]

É funcionario secretario-interventor de administracións locais con habilitación nacional, A1.

Como experiencia profesional aporta: secretario do Concello de Arzúa; anteriormente, secretario do Concello de Padrón; interventor do Concello de Arzúa; secretario-interventor e tesoureiro do Concello de Boimorto; secretario-interventor da Mancomunidade Serra do Barbanza; e secretario do Concello de Noia.

É licenciado en Dereito e graduado en Ciencias Xurídicas das Administración Públicas.

Como formación complementaria aporta o curso selectivo de acceso a subescala de secretaria-intervención, escala de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e cursos, entre outras, nas seguintes materias: contratación administrativa, procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público, recursos administrativos, participación cidadá e transparencia, responsabilidade patrimonial e procedemento sancionador, organización municipal, RPT, urbanismo, función interventora, réxime xurídico das subvencións, persoal laboral temporal, tesourería municipal, funcións dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, saneamento económico, de espectáculos públicos e actividades recreativas, xestión orzamentaria, Consello Consultivo de Galicia, disposicións administrativas de carácter xeral, expropiación forzosa no ámbito local, fiscalización e control da actividade de entes locais, cláusulas sociais na contratación pública, competencia e dereito da Unión Europea, plan xeral de contabilidade, xestión dos fondos Next Generation no ámbito local, e seguridade da información no ámbito da administración local.

5.9. [REDACTED]

É funcionaria de Administración Local, habilitación nacional, A1.

Como experiencia profesional aporta: Secretaria do Concello de Ames e Secretaria do Consello de Administración da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames; e anteriormente, Secretaria do Concello de Ames (de clase 2a), Secretaria do Concello da Baña en réxime de acumulación, Secretaria do Concello de Negreira, e Secretaria Concello de Palas de Rei.

É Licenciada en Dereito.

Como formación complementaria aporta: xornadas descentralizadas do ENS, cursos de linguaxe administrativa galega niveis superior e medio, e curso de perfeccionamento de Lingua Galega. Tamén foi docente no curso

"Fórmulas de cooperación en xestión de subvencións nos concellos de Galicia", da EGAP.

5.10.- [REDACTED]

É funcionaria interventora-tesoureira con habilitación nacional, categoría superior, A1.

Como experiencia profesional aporta: interventora do Concello de Boiro; anteriormente, acceso á categoría de entrada da subescala intervención-tesourería do corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional, acceso á categoría superior, da subescala Intervención-tesourería, do corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional, interventora do Concello de Noia. No ámbito privado exerceu a avogacía.

É licenciada en Dereito.

Como formación complementaria aporta cursos, entre outras, nas seguintes materias: dereito urbanístico, ordenación do territorio e urbanismo, institucións de Dereito Comunitario, orzamento local, plan de recuperación, transformación e resiliencia, contratos públicos, plans de prevención do fraude, a corrupción e o conflito de intereses, integridade e prevención na contratación pública, axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible nas AAPP, subvencións, auditoría do sector público, réxime xurídico do sector público prevención e xestión de conflitos, tesourería municipal, remunicipalización dos servizos locais, contabilidade, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, recursos humanos nas AAPP, servizos públicos locais, control e a fiscalización no ámbito local on-line, contratación no ámbito local, contratación administrativa, réxime xurídico das entidades locais, procedemento administrativo, xestión orzamentaria das entidades locais; e en competencias en galego, Celga 4, nivel superior e medio en linguaxe administrativa galega.

Tamén impartiu docencia nas materias: xestión dos Fondos Next Generation no ámbito local; funcións dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional; guías prácticas de exercicio da función interventora en pequenos e medianos concellos; e Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.11.- [REDACTED]

É funcionario técnico de administración xeral, Concello de Sada, A1.

Como experiencia profesional aporta: técnico de administración xeral no Concello de Sada; director xeral de recursos humanos no Concello de Telde; técnico de administración xeral no Concello de Sada; técnico de administración xeral adscrito a secretaría, como funcionario interino, no

Concello de Sada; técnico de administración xeral, como funcionario interino, no Concello de Sada; secretario-interventor, con carácter interino, no Concello de Condado de Treviño; en prácticas, asesor xurídico na unidade de recursos (xurídicos) do Servicio Provincial de Recadación da Deputación Provincial da Coruña.

É licenciado en Dereito e ten as mestrías de Administración Local e da Unión Europea.

Achega diferentes intervencións na xurisdición contencioso-administrativa.

Como formación complementaria aporta: diploma de directivo da Xunta de Galicia, e cursos, entre outras, en materia como protección de datos, estatuto básico do emprego público, prevención de riscos laborais, liderado, negociación e acordos, procedemento administrativo, prevención de riscos laborais, xestión de recursos humanos, igualdade entre homes e mulleres, agresións ao persoal de atención ao público, réxime xurídico, responsabilidade patrimonial, participación e transparencia, valoración de postos de traballo na administración, recursos humanos, igualdade de oportunidades entre mulleres e home, potestade sancionadora, sinatura dixital, silencio administrativo, dereitos dixitais, contratación pública, e resolución de conflitos.

5.12. [REDACTED]

É técnica de administración xeral do Concello de Arzúa, A1.

Como experiencia profesional aporta: é técnica de administración xeral do Concello de Arzúa; e anteriormente, avogada fiscal substituta da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; consultora de empresas; e asesora da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

É licenciada en Dereito.

Como formación complementaria aporta cursos en materias, entre outras, de sucesións, contratación pública, urbanismo, violencia de xénero, fiscalización, directiva de servizos, protección de datos, procedemento administrativo, e delitos no ámbito administrativo.

Foi titora do prácticum da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela.

6. Valoración das persoas candidatas

Das aportacións presentadas polas persoas que concorren á convocatoria relaciónase a valoración conclusiva da traxectoria profesional e da formación que ten relación coas funcións do posto ofertado.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional en administración xeral e formación en diferentes aspectos, fundamentalmente na área de administración local e urbanismo, ademais da licenciatura en Dereito e 3 mestrías. Non achega experiencia nin formación en persoal e transparencia.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional como funcionario da Xunta, do Parlamento de Galicia e como funcionario adscrito á Valedora do Pobo, incluídos postos de vicesecretario xeral e subdirector xeral. A experiencia inclúe as materias de administración xeral, persoal e transparencia, nesta última desenvolvendo funcións como secretario da Comisión da Transparencia de Galicia e defensa en xuízo como letrado habilitado dese órgano colexiado. Aporta formación en administración xeral, persoal e transparencia, materias incluídas nas funcións previstas no ROFVP, e docencia especialmente en transparencia. Ten dúas licenciaturas, dereito e ciencias políticas e da administración. É funcionario do Parlamento de Galicia, do que a Institución da Valedora do Pobo é Comisionada. Ten experiencia como funcionario con destino na Valedora do Pobo.

[REDACTED]

Ten experiencia profesional en administración local e formación en diferentes aspectos, pero non específica en persoal e transparencia.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional como funcionaria do corpo superior de administración xeral da Xunta de Galicia, incluído un posto de subdirectora Xeral. Ten ampla formación en administración xeral e outras materias. Non aporta experiencia e formación específicas en persoal e transparencia.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional xeral como funcionario do corpo superior de administración xeral da Xunta de Galicia, incluído un posto de subdirector xeral e outro como xefe de gabinete da alcaldía dunha grande cidade. Nesa experiencia cóntase a relativa a materias como administración xeral e persoal, pero non transparencia. Aporta formación teórica en persoal, administración xeral e transparencia, materias previstas nas funcións definidas no ROFVP.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional como funcionaria do corpo superior de administración xeral da Xunta de Galicia, incluído un posto de subdirectora xeral. Ten ampla formación complementaria e ademais de licencia é doutora. Non aporta experiencia e formación específicas en persoal e transparencia.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional como funcionaria do corpo superior de administración xeral da Xunta de Galicia, incluídos postos de vicesecretaria xeral e subdirectora xeral. Ten experiencia profesional en persoal e ampla formación complementaria. Non aporta experiencia e formación específica en transparencia.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional en administración xeral. Non aporta experiencia específica en transparencia. É licenciado en Dereito e Graduado en Ciencias Xurídicas das Administración Públicas. Ten formación complementaria en determinados aspectos, entre eles en persoal e transparencia.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional en administración xeral. Non aporta experiencia específica en transparencia. Achega formación complementaria en diferentes aspectos, pero non específica en persoal e transparencia.

[REDACTED]

Solicitud presentada nun e-mail da VP (comunicación) o 4-11-24, por tanto, por medio non adecuado; rexistrado ao día seguinte, fora de prazo. En calquera caso, para o caso de plantexarse calquera dúbida respecto dese aspecto formal, apórtase a seguinte valoración:

Ten ampla experiencia profesional en administración xeral. Non aporta experiencia específica en transparencia. Achega formación complementaria en diferentes aspectos, entre eles persoal. Non aporta formación complementaria en transparencia.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional en materia de administración xeral. Non achega experiencia específica en transparencia. Aporta experiencia en defensa en xuízo na xurisdición contenciosa. Aporta formación teórica en persoal, administración xeral e transparencia.

[REDACTED]

Ten ampla experiencia profesional en administración xeral. Non achega experiencia específica en transparencia. Aporta formación complementaria en diferentes materias, pero non específica en persoal e transparencia.

7. Elementos a ter en conta para valorar a idoneidade da persoa a seleccionar

De acordo co establecido no ROFVP e na convocatoria (punto 5), as funcións a desenvolver no posto son:

a) A suplencia das persoas titulares da Secretaría Xeral e/ou da Coordinación Xeral, nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante, así como nos casos en que fose declarada a súa abstención ou recusación.

b) A programación das necesidades de persoal da institución, a coordinación na elaboración da relación de postos de traballo e a xestión do persoal adscrito á institución.

c) A organización e o control do funcionamento dos servizos administrativos do Valedor do Pobo e dos seus órganos adscritos.

d) A secretaría da Comisión da Transparencia de Galicia e o impulso dos seus expedientes.

e) O asesoramento e realización de estudos e informes de carácter técnico-xurídico que lle sexan encomendados pola persoa titular da institución ou da Secretaría Xeral.

f) A xestión da información pública que se atope no portal de transparencia da institución e dos órganos adscritos, o adecuado trámite das solicitudes de información pública dirixidas ao Valedor do Pobo, así como a xestión da información á cidadanía en materia de transparencia.

g) Exercer como vogal e secretario da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante.

h) Calquera outra función que lle atribúa o Valedor do Pobo ou os plenos dos órganos colexiados adscritos.

En congruencia con ditas funcións, para a valoración das persoas candidatas deben considerarse prioritarias a experiencia e formación para o desenvolvemento das mesmas.

O que se considera que debe ser máis relevante para a designación da persoa candidata para ocupar o posto é a experiencia profesional na administración pública en materia de administración xeral, persoal e transparencia; e a

formación teórica nas mesmas materias, administración xeral, persoal e transparencia.

8. Valoración: mérito, capacidade e idoneidade

Tras a análise dos currículos presentados polas persoas solicitantes o 15 de xaneiro de 2025 emitíuse informe do secretario xeral, no que, ademais das consideracións contidas nos anteriores puntos, inclúe unha valoración conclusiva que sinala o seguinte:

“Despois da análise das solicitudes presentadas polas persoas que optan á Vicesecretaría Xeral da Valedora do Pobo considérase que o solicitante que ten o perfil que se adecúa en maior medida para a cobertura do posto, en base á súa experiencia profesional e formación, é D. Santiago González Serrano, que, ademais do xa apuntado, conta cos seguintes méritos salientables:

Ingresou na administración no ano 1993; é funcionario do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia e tamén do Parlamento de Galicia, do que a Institución da Valedora do Pobo é Comisionada; é licenciado en Dereito e tamén en Ciencias Políticas e da Administración; ten ampla experiencia profesional en materia de persoal e administración xeral; ten ampla experiencia desenvolvendo funcións relativas á información pública e transparencia, en concreto para a Comisión da Transparencia de Galicia, órgano adscrito á Valedora do Pobo -aporta as propostas de resolución que coñece dito órgano colexiado, cun amplo volume de recursos substitutivos-; ten experiencia na xurisdición contenciosa en materia de información pública e transparencia; ten experiencia na Institución da Valedora do Pobo como xefe de servizo dende 2017; desempeñou e desempeña de forma adecuada as súas funcións na Institución da Valedora do Pobo; nela tamén desenvolveu funcións na tramitación de queixas en determinadas áreas, segundo as necesidades do servizo; nela tamén desenvolve as funcións de delegado de protección de datos; foi vogal do comité ético da Xunta de Galicia (plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas anti-fraude) á proposta da valedora do pobo; e aporta formación teórica e docencia en administración xeral, persoal e transparencia, materias ás que se refire o ROFVP para definir as funcións do posto, sen prexuízo doutras non predeterminadas.

O anterior permite concluír a súa idoneidade ao tratarse de aspectos a ter en conta para o posto ao que opta.

Tendo algunha das demais persoas candidatas perfís relevantes, o indicado fai pensar que é o Sr. González Serrano o que posúe o perfil máis axustado e completo de entre todas as persoas candidatas para ocupar a Vicesecretaría Xeral.

Considérase que D. Santiago González Serrano acredita, en maior medida que o resto das persoas solicitantes, unha experiencia profesional e unha formación adecuada para o desempeño das funcións propias da Vicesecretaría Xeral da Valedora do Pobo, polo que resulta a máis idónea”.

9. Sometemento á Xunta de Coordinación e Réxime Interior

O informe-proposta do Secretario Xeral foi sometido á Xunta de Coordinación e Réxime Interior celebrada o 17 de xaneiro de 2025, de conformidade co disposto no artigo 12.1 do Regulamento de organización e funcionamento da Valedora do Pobo, na que non se expresou obxección ao criterio achegado.

10. Resolución

De acordo co informe-proposta do secretario xeral e o criterio da Xunta de Coordinación e Réxime Interior celebrada o 17 de xaneiro de 2025

RESOLVO

Adscribir a D. Santiago González Serrano ao posto de vicesecretario xeral da Institución da Valedora do Pobo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Valedora do Pobo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025.

FIRMADO DIGITALMENTE POR 2025.01.21
MARÍA DOLORES FERNÁNDEZ
GALIÑO 17:00:35 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)